

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Lugo para que na tramitación dos expedientes, actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Expediente: N.9.Q/9732/22

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2023.

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito de queixa, o reclamante pon de manifesto o seguinte:

Esta carta, entre outras razóns, ven motivada a raíz dun lamentable percance sufrido por meu pai, que afortunadamente non tivo maior transcendencia, pero que puxo en evidencia que ante unha emerxencia, unha ambulancia ou calqueira outro vehículo de emerxencias, poño por caso, un camión de bombeiros, terá serios atrancos, cando non imposible, chegar á nosa casa. Tras pedir axuda e auxilio 061, e a ambulancia se perde, tardan case 1 hora porque non atopa a nosa vivenda, chegando con dificultades ao noso domicilio palas lamentables condicións de estreitez e mal firme, nos que se atopa o único vial que ternos de acceso á vivenda. Para máis problemas, cando conseguen chegar e prestar socorro, ao regreso, queda bloqueada porque a saída do camiño polo que se accede á nasa vivenda co cruce da Ronda das Fontiñas, hai coches mal aparcados que bloquean a saída. Algo por desgracia moi habitual tal e como recolle na noticia publicada no xornal "El Progreso" de 8 de outubro de 2022 "Aislado en plena ciudad" que se xunta a esta carta, e que é unha lamentable consecuencia de non ter unha vía de acceso ao domicilio adecuada e que se poida considerar tal.

Meu pai é unha persoa maior, cunha saúde delicada. Vive na súa casa, nun pequeno terreo situado por debaixo do que hoxe é a Ronda das Fontiñas e as Casas Baratas de Montirón . Ahí construiu a súa vivenda de xeito legal, coa súa correspondente licenza municipal e proxecto, como pode comprobar nos documentos achegados con esta carta.

Un cambio no planeamento urbanístico de Lugo en 1968, calificou a zona como solo non urbanizable, e así seguiu como tal ata os nosos días. Co novo PXOM de Lugo recién aprobado, pasa a estar incluída novamente como solo urbanizable.

Trátase dunha vivenda aillada rodeada de terreos, a maioría abandonados a monte, que están sen urbanizar, isto é, sen trazado de rúas pavimentadas de ningunha clase, saneamento ou traída de augas. Pola contra, o resto de vivendas dos arredores, moitas delas construídas de xeito ilegal, o Concello de Lugo sí as dotou de viais pavimentados, alumeadado público, traídas de auga e saneamento, quedando a nosa como practicamente a ÚNICA que carece destes servizos que entendernos debe prestar como mínimo e de xeito obrigatorio un concello tal e como recolle a Lei de Bases de Réxime Local. Así, dase a paradoxa de que a pesar de contar con licenzia urbanística municipal, e pagar o Imposto de Bens Inmóveis tódolos anos, non os temos.

Tras reiterados escritos de petición e denuncias presentados e dirixidos ao Concello de Lugo nos últimos 30 anos, a sucesivos gobernos municipais, de distintas cores políticas, contactos e entrevistas puntuais mantidas con algún concelleiro de distintos signos políticos, e a entrevista mantida por meu pai e miña irmá coa actual alcaldesa, en 2016, que tivo a ben recibirnos e tratar o tema. Desde entón, pasan outros 4 anos sen ter noticias e a vista de que nada se fai, en agosto de 2020 decidimos presentar unha nova batería de escritos, dos que lle facilito copia, agardando ter resposta, ou polo menos que o Concello de Lugo faga algo ao respecto para poñer remedio.

Entendemos que esta administración local é a responsable directa, e que claramente está actuando de xeito negligente por omisión tras recoñecer ante a prensa "ser coñecedores do problema" pero sen facer nada, nin por os medios suficientes para solucionalo.

Como dixen, cumprimos coas nosas obrigas fiscais para co concello: pagamos o IBI, pagamos o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica anualmente ao Concello de Lugo. E aínda así estamos condeados a estragar o coche por ter que chegar a nosa vivenda por unha corre道ira estreita sen pavimentar con lama e as veces dificilmente transitable.

Non é aconsellable camiñar por ela de noite, porque para chegar a nosa vivenda hai que vir a escuras, xa que non hai un só punto de luz nos 400 metros lineais de camiño que separan a Ronda das Fontiñas da nosa casa. Incluso algún taxista se negou en baixar ata a nosa casa, tal e como lle sucedeu á miña irmá que estaba en período de xestación, tivo que vir camiñando ata casa desde a Ronda das Fontiñas, por non ter un acceso en condicións.

A duras penas conseguimos que nos subministren o gas butano e o gasoil para a calefacción ata a nosa vivenda, salvo que sexa con vehículos pequenos, pois un camión máis grande xa non pode pasar polo estreito do camiño, non digamos un camión de bombeiros, e dificilmente unha ambulancia como quedou de manifesto.

Repito que é o ÚNICO ACCESO que temos a nosa casa, e non temos outro alternativo.

Por se isto non fose suficiente, os metros finais de camiño ata a Ronda das Fontiñas (uns 80 metros lineais), do total de 400 metros que hai de distancia ata a nosa vivenda, comparte trazado co antigo camiño real que cruzaba a antiga aldea de San Xillao (hoxe absorbida polo crecemento urbanístico a cidade) hacia a Porta de San Pedro da Muralla de Lugo. Se sinalizou cuns hitos de pedra, como Vía Romana XIX dentro dun proxecto que se chamou "Vías Atlánticas" e ao parecer ten agora protección de Patrimonio da Xunta.

Nunca en todos estes anos recibimos contestación algunha por escrito e de xeito formal por parte do Concello de Lugo as nosas reiteradas peticións e denuncias referidas ao camiño. Nunca nos deron unha explicación e unha contestación formal e por escrito de porque non podemos ter servizos básicos para a nosa vivenda como o resto de veciños, coa salvedade dunha carta remitida pola Concellería de Medioambiente, na que se nos informa de que efectivamente temos dereito a acometida de auga da traída por estar a menos de 100 metros dunha traída, iso é todo. De momento, témonos que conformar con ter auga de pozo.

Solicitamos en repetidas ocasións, por escrito e incluso meu pai presencialmente que viñesen a rozar e limpar a maleza do camiño, e nin caso. Pedimos tamén, sen éxito, que sinalizase correctamente a saída do camiño coa intersección da Ronda das Fontiñas por ser un cruce problemático e perigoso. Tampouco o Concello de Lugo fixo nada, a pesar de que se solicitou expresamente, no referente a poñer un cartel indicador do lugar Agro da Naveira, precisamente por carecer de rúa, para facilitar orientación para chegar a nosa casa.

En Agosto de 2021 e un ano despois da última batería de escritos dirixida ao Concello de Lugo, o único que se conseguiu foi que a Concellería de Obras accedese a botar unha pouca zavorra, nun pequeno tramo ata a Ronda das Fontiñas que coincide co que agora chaman Vía Romana XIX, para o que contrataron á empresa XXX. E NADA MÁIS.

Os restantes 320 metros ata a nosa casa non arranxaron NADA. Segundo o actual concelleiro de obras, coma o técnico municipal, ese tramo ata a nosa vivenda tería que ser costeado por nós. Segundo estimación do coste aproximado de estender tan só unha capa de zavorra, rondaría os 6.000 euros, diñeiro que obviamente non estamos dispostos a pagar, e menos por unha chapuza.

Dado que consideramos esgotada a vía dos escritos e reiteración nas denuncias e peticións ao Concello de Lugo, as que fai oídos xordos, e caso omiso; o acontecido coa ambulancia que acudiu en auxilio de meu pai, foi algo moi grave, é a gota que colmou a nosa paciencia.

Non queremos ser máis, pero tampouco menos ca outros veciños de Lugo, pero si estamos en condicións de esixir moralmente ao Concello de Lugo, que de forma urxente, poña os medios, faga todos cantos trámites legais sexan necesarios, e remova obstáculos e impedimentos para

destinar algunha partida de diñeiro para facer as obras necesarias, e que ao igual que as vivendas do resto de veciños, poidamos ter os servizos básicos mínimos necesarios: vía de acceso asfaltada, alumado público, unha traída de auga,... Necesitamos con urxencia que se nos de solución a este grave problema, e que se actúe con dilixencia.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que nos remitiu informe elaborado polo Servizo de Enxeñaría no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

No ano 2021 recibíuse unha solicitude pedindo o arranxo do camiño que comunicaba a Ronda das Fontiñas coa dita vivenda (polígono XXX, parcela XXX). O dito camiño parte da Ronda das Fontiñas, preto do acceso á rúa Veterinario Xoán Rico Pérez, Sigue en sentido aproximado sudeste, nunha distancia duns 230m.

A traza do dito camiño coincide coa inventariada no PXOM para o camiño histórico Vía Romana XIX nas páxinas 173, 174 e 175 (páxinas 184, 185 e 186 do arquivo pdf) do Tomo VIII-1-Catálogo do PXOM de Lugo.

Por tanto, solicitouse autorización da Xunta de Galicia, que se concedeu na resolución 18, de data 11 de xuño de 2021, na que se indicaba que "a mellora do firme con saburra non produce ningún tipo de impacto no elemento catalogado. Proponse o informe favorable."

A mellora do firme con saburra supón unha solución aceptable para a circulación dos vehículos e, en principio, non debería supoñer dificultades para a circulación de vehículos. Vehículos de peso medio, tales como ambulancias, furgones de reparto, etc., poden circular perfectamente por este tipo de firme.

As obras leváronse a cabo no verán do 2021, supoñendo un investimento de 5.894,40 €. Consistiron no desbroce, limpeza, retirada de escombros e xestión dos mesmos, limpeza de cunetas, aporte de recibos e unha base de saburra artificial duns 15cm de espesor medio,

Este tramo, duns 230m de lonxitude é o único no que pode actuar o Concello de Lugo. Para o acceso á casa, existe outro tramo, en dirección norte, cunha lonxitude duns 200m, que non é vía pública, senón servidume de paso. Por tanto, ao ser terreos privados, o Concello de Lugo non pode actuar no dito camiño.

Tendo en conta o contido da queixa presentada polo reclamante, na que manifesta que en diversas ocasións solicitou por escrito reclamacións referidas aos temas expostos na propia

queixa, e o contido do informe remitido por ese concello, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Neste expediente, plantéxanse, fundamentalmente, dúas cuestións:

1º.- Mal estado de conservación dun camiño de acceso á súa vivenda.

2º.- Falta de resposta ás reclamacións e escritos presentados ante o Concello de Lugo.

SEGUNDA.- Respecto da primeira das cuestións plantexadas, analizado o seu escrito de queixa e o exposto no informe remitido polo concello, é preciso facer as seguintes consideracións:

1º.- No ano 2021 recibíuse no concello unha solicitude pedindo o arranxo do camiño que comunicaba a Ronda das Fontiñas coa súa dita vivenda .

2º.- Segundo informa o concello, a traza do camiño coincide coa inventariada no PXOM para o camiño histórico Vía Romana XIX, polo que, se solicitou autorización da Xunta de Galicia, que se concedeu na resolución 18, de data 11 de xuño de 2021, na que se indicaba que "*a mellora do firme con saburra non produce ningún tipo de impacto no elemento catalogado. Proponse o informe favorable.*"

3º.- As obras leváronse a cabo no verán do 2021, consistindo, segundo o concello, no desbroce, limpeza, retirada de escombros e xestión dos mesmos, limpeza de cunetas, aporte de recibos e unha base de saburra artificial duns 15cm de espesor medio,

4º.-Segundo a información facilitada polo concello

este tramo, duns 230m de lonxitude é o único no que pode actuar o Concello de Lugo, existindo para o acceso á vivenda outro tramo, en dirección norte, cunha lonxitude duns 200m, que non é vía pública, senón servidume de paso. Por tanto, ao ser terreos privados, o Concello de Lugo non pode actuar no dito camiño

TERCEIRA.- Respecto da falta de resposta ás reclamacións e escritos presentados ante o Concello de Lugo, cómpre facer as seguintes consideracións:

1º.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

2º.- Unha das obrigas que derivan do dereito da cidadanía a unha boa administración concrétase na obriga de dar resposta ás solicitudes formuladas polos administrados, sen prexuízo do contido material e fundamentación xurídica que puidera ter esa contestación formal.

3º.- Esa obriga das Administracións públicas a dar resposta expresa a cantas solicitudes presenten os administrados recóllese no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4º.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sin demoras inxustificadas.

5º.- Do contido do informe que nos remite ese concello, o reclamante debería ter sido informado, non podendo entenderse cumprida a obriga da entidade de responder ao reclamante e notificarlle dita resposta xa que non contén ningunha alusión a unha resposta formal ao mesmo, non aportando copia desa contestación nin xustifica de modo algún que non se dictara dita resposta.

Por todo o exposto, considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Lugo o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1

de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)